




PLAN TÉCNICO DE XESTIÓN DOS RECURSOS ICTIOLÓXICOS DA MASA DE AUGA DE SALMÓN DO RÍO LÉREZ

Autora: Begoña Castiñeiras Míguez

Directora: Xana Álvarez Bermúdez

CURSO 2021/22




O presente traballo consiste en xestionar a masa de auga do río Lérez onde habita o salmón (*Salmo salar* L.), tendo presente a elevada protección para a súa conservación que ten a especie e sabendo que Galicia é a zona máis ao sur do Este atlántico onde desova este salmónido.



As masas de auga de salmón do río Lérez coinciden case na súa totalidade coa zona de especial conservación do Río Lérez. Neste plan de xestión inténtase, por un lado, fomentar os usos recreativos do salmón e por outro potenciar a conservación e protección da especie no Río Lérez.



Para a realización do plan de xestión fíxose un inventario da fauna ictiolóxica e da vexetación invasora nas zonas de ribeira da masa de auga. Tamén se estudaron os factores que poden afectar a xestión e conservación da especie (caudais, climatoloxía, pragas, incendios) Como resultado do plan de xestión planificáronse diversas actuacións:



- * Veda da pesca e pesca sen morte.
- * Repoboacións de salmón.
- * Mellora ou eliminación de obstáculos.
- * Eliminación de especies exóticas.
- * Mellora das ribeiras.
- * Divulgación e educación ambiental.
- * Programas de diversos estudos: xenética, produtividade.